

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

6879 *Real decreto 298/2021, do 27 de abril, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguranza industrial.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (denominada Directiva de servizos), vén consolidar os principios regulatorios compatibles coas liberdades básicas de establecemento e de libre prestación de servizos e, ao mesmo tempo, permite suprimir as barreiras e reducir as pexas ao acceso das actividades de servizos e o seu exercicio.

Pola súa parte, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para as adaptar á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modifica expresamente as leis vixentes afectadas pola citada directiva, entre elas, a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

O Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguranza industrial para adecualas á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, adaptou os diversos reais decretos en materia de seguranza industrial ao establecido nas citadas leis 17/2009, do 23 de novembro, e 25/2009, do 22 de decembro, e, en concreto, ás modificacións realizadas na Lei 21/1992, do 16 de xullo.

Así, realizouse a adaptación concreta da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, e da Lei 17/2009, do 23 de novembro, ao ámbito da seguranza industrial, a través do Real decreto 560/2010, do 7 de maio, exixindo, nos regulamentos modificados polo dito real decreto, con respecto á realización da actividade en libre prestación, que se presente unha declaración responsable e se cumpran determinados requisitos, como o emprego de medios técnicos específicos regulados na normativa española, a dispoñibilidade dun seguro profesional ou un número de persoal mínimo co obxecto de asegurar a seguranza pública e previr riscos para a saúde e a seguranza, todo isto de acordo co disposto no artigo 12.3 da Lei 17/2009, do 23 de novembro.

No entanto, hai que ter en conta o establecido no artigo 9 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, que establece que o acceso a unha actividade de servizo ou ao seu exercicio se rexerá polo principio de igualdade de trato e non discriminación e que todos os requisitos que canguen o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio deberán axustarse aos seguintes criterios:

- a) Non ser discriminatorios.
- b) Estar xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral.
- c) Ser proporcionados á dita razón imperiosa de interese xeral.
- d) Ser claros e inequívocos.
- e) Ser obxectivos.
- f) Ser feitos públicos con anticipación.
- g) Ser transparentes e accesibles.

Aínda que as modificacións incluídas polo Real decreto 560/2010, do 7 de maio, aseguraron que cada actividade de servizo ou o seu exercicio se rexen polo principio de igualdade de trato e non discriminación, non existe un criterio uniforme entre os distintos regulamentos que se modifican canto aos medios humanos necesarios para o

desenvolvemento da actividade ou o seu exercicio, nin canto ás vías de acceso ás profesións incluídas nos distintos regulamentos de seguranza industrial.

Cómpre, por tanto, dar un paso adicional neste sentido e unificar os criterios de acceso a unha actividade de servizo ou ao seu exercicio, o que garantirá non só unha maior igualdade de trato a nivel global senón tamén un aumento da seguranza xurídica. Ademais, asegurará unha maior eficacia da Administración na súa función supervisora do cumprimento deses requisitos, o que sen dúbida redundará nun aumento da seguranza no exercicio da actividade, fin último dos regulamentos modificados.

O presente real decreto consta de 12 artigos, polos cales se modifican diversas normas regulamentarias sobre seguranza industrial, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

Esta norma foi elaborada tendo en conta os principios que conforman a boa regulación, a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En particular, cúmprense os principios de necesidade e eficacia ao considerarse que a aprobación deste real decreto é o instrumento necesario para conseguir o obxectivo perseguido, que é actualizar a normativa de seguranza industrial en España harmonizando os distintos regulamentos no relativo aos medios laborais e humanos das empresas instaladoras. O principio de proporcionalidade considérase cumprido por canto o real decreto contén a regulación imprescindible para atender á súa finalidade.

O principio de seguranza xurídica garántese xa que esta norma é coherente co resto do ordenamento xurídico e pretendeuse que sexa clara e que facilite a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas. O de transparencia, porque no seu proceso de elaboración foron solicitados todos os informes preceptivos e publicouse na páxina web do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para posibilitar aos potenciais destinatarios a súa participación activa no citado proceso. Ademais, neste senso, antes da elaboración deste real decreto efectuouse unha consulta pública, tal e como indica o artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, as modificacións introducidas non establecen ningunha carga administrativa suplementaria que non se encontre xustificada e resulte a mínima e, en todo caso, proporcionada, en atención á particular situación existente e á necesidade de garantir o principio de eficacia na aplicación das medidas reguladas.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como, de acordo co establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, aquelas entidades relacionadas co sector, coñecidas e consideradas máis representativas. Así mesmo, este real decreto foi obxecto de informe do Consello de Coordinación da Seguranza Industrial, de acordo co previsto no artigo 18.4.c) da Lei 21/1992, do 16 de xullo, e no artigo 2.d) do Regulamento do Consello de Coordinación da Seguranza Industrial, aprobado polo Real decreto 251/1997, do 21 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2021,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento electrotécnico para baixa tensión e da súa instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», aprobados polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.*

O Regulamento electrotécnico para baixa tensión e a súa instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», aprobados polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, quedan modificados como segue:

Un. O número 2 do artigo 2 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión modifícase como segue:

«2. O presente regulamento aplicarase:

- a) Ás novas instalacións, ás súas modificacións e ás súas ampliacións.
- b) Ás modificacións, reparacións e ampliacións, sexan ou non de importancia, das instalacións existentes antes da súa entrada en vigor, só no que afecta a parte modificada, reparada ou ampliada, e sempre que se tomen as medidas necesarias para garantir as condicións de seguranza do conxunto da instalación.
- c) Ás instalacións existentes antes da súa entrada en vigor, no referente ao réxime de inspeccións, ben que os criterios técnicos aplicables en tales inspeccións serán os correspondentes á regulamentación con que se aprobaron.

Entenderase por modificacións ou reparacións de importancia, para os efectos da documentación exigible e da obrigatoriedade de inspección inicial, as que afectan máis do 50 por 100 da potencia instalada. Igualmente, considerarase modificación de importancia a que afecte liñas completas de procesos produtivos con novos circuitos e cadros, aínda con redución de potencia.»

Dous. O número 3, «Clasificación das empresas instaladoras en baixa tensión», da instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», queda redactado como segue:

«As empresas instaladoras en baixa tensión clasifícanse nas seguintes categorías:

3.1 Categoría básica (IBTB).—As empresas instaladoras desta categoría poderán realizar, manter e reparar as instalacións eléctricas para baixa tensión en edificios, industrias, infraestruturas e, en xeral, todas as comprendidas no ámbito do presente Regulamento electrotécnico para baixa tensión que non se reserven á categoría especialista (IBTE).

3.2 Categoría especialista (IBTE).—As empresas instaladoras da categoría especialista poderán realizar, manter e reparar as instalacións da categoría básica e, ademais, as correspondentes a:

- Sistemas de automatización, xestión técnica da enerxía e seguranza para vivendas e edificios;
- Sistemas de control distribuído;
- Sistemas de supervisión, control e adquisición de datos;
- Control de procesos;
- Liñas aéreas ou subterráneas para distribución de enerxía;
- Locais con risco de incendio ou explosión;
- Quirófanos e salas de intervención;
- Lámpadas de descarga en alta tensión, rótulos luminosos e semellantes;
- Instalacións xeradoras de baixa tensión de potencia superior ou igual a 10 kW que estean contidas no ámbito do presente Regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

A categoría especialista para as catro primeiras modalidades de instalacións (sistemas de automatización, xestión técnica da enerxía e seguranza para vivendas e edificios; sistemas de control distribuído; sistemas de supervisión, control e adquisición de datos; e control de procesos) é única.»

Tres. O número 4, «Instalador en baixa tensión», da instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», queda redactado como segue:

«4. Instalador en baixa tensión.

O instalador en baixa tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de baixa tensión habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador en baixa tensión adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

e) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no apéndice II desta instrución técnica complementaria.

Calquera das situacións ou titulacións previstas (título universitario, título de formación profesional ou certificado de profesionalidade, experiencia laboral recoñecida ou certificación outorgada por unha entidade acreditada) son válidas indistintamente para as distintas categorías de instalador de baixa tensión, en función dos coñecementos acreditados.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Catro. O número 5.2 do número 5, «Habilitación de empresas instaladoras de baixa tensión», da instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», queda redactado como segue:

«As empresas instaladoras en baixa tensión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría e, se for o caso, modalidade, vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e as súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Cinco. O número 5.6 do número 5, «Habilitación de empresas instaladoras de baixa tensión», da instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», queda redactado como segue:

«5.6 Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Seis. O número 5.8 do número 5, «Habilitación de empresas instaladoras de baixa tensión», da instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», queda redactado como segue:

«5.8 As empresas instaladoras cumprirán o seguinte:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.
- b) Contar cos medios técnicos e humanos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza, que como mínimo serán os que se determinan no apéndice I desta instrución técnica complementaria.
- c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 600.000 euros por sinistro para a categoría básica e de 900.000 euros por sinistro para a categoría especialista. Estas contías mínimas actualizaranse por orde da persoa titular do Ministerio de Industria,

Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Sete. O apéndice, «Medios mínimos, técnicos e humanos, requiridos para as empresas instaladoras en baixa tensión», da instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», numérase como apéndice I, co que o seu número 1, «Medios humanos», queda redactado como segue:

«1. Medios humanos.—Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo dun instalador en baixa tensión da mesma categoría en que a empresa se encontra habilitada, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, a titularidade da cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, se esta dispón da habilitación como instalador en baixa tensión.

A figura do instalador poderá ser substituída pola de dous ou máis instaladores da mesma ou mesmas categorías cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.»

Oito. Engádese un novo apéndice II á instrución técnica complementaria ITC-BT-03 «Empresas instaladoras en baixa tensión», coa seguinte redacción:

«APÉNDICE II

Coñecementos mínimos necesarios para instaladores en baixa tensión

I. Instalador categoría básica

A) Coñecementos teóricos

Unidade temática 1: Fundamentos das instalacións eléctricas.

1. Conceptos básicos de electrotecnia:

- 1.1 Corrente alterna e corrente continua.
- 1.2 Sistemas trifásicos e monofásicos.
- 1.3 Compoñentes das instalacións eléctricas.
- 1.4 Cables e condutores.
- 1.5 Aparellaxe de protección.
- 1.6 Receptores e máquinas eléctricas: motores e transformadores.

2. Calculo eléctrico das liñas de BT:

- 2.1 Criterio de capacidade térmica.
- 2.2 Criterio de caída de tensión.
- 2.3 Criterio de corrente de cortocircuíto.
- 2.4 Liñas abertas e fechadas; liñas de sección uniforme e non uniforme.

3. Regulamentación das instalacións eléctricas: REBT e as súas ITC:

- 3.1 Instaladores de baixa tensión (ITC-BT-03).
- 3.2 Documentación das instalacións (ITC-BT-04).
- 3.3 Posta en servizo.
- 3.4 Verificacións e inspeccións (ITC-BT-05).

4. Normativa internacional de instalacións eléctricas de baixa tensión.

Unidade temática 2: Instalacións de enlace.

1. Previsión de cargas para fornecementos de BT (ITC-BT-10).
2. Esquemas das instalacións de enlace (ITC-BT-12).
3. Partes constituíntes das instalacións de enlace:
 - 3.1 Caixas xerais de protección (CXP) (ITC-BT-13).
 - 3.2 Liña xeral de alimentación (LXA) (ITC-BT-14).
 - 3.3 Centralizacións de contadores (CC) (ITC-BT-16).
 - 3.4 Derivacións individuais (DI) (ITC-BT-15).
 - 3.5 Dispositivos xerais de mando e protección (DGMP) (ITC-BT-17).
4. Cálculo e montaxe das instalacións de enlace:
 - 4.1 Caídas de tensión.
 - 4.2 Sistemas de instalación: tubos e canalizacións (ITC-BT-20; ITC-BT-21).
 - 4.3 Tipos e localización dos cadros eléctricos.
 - 4.4 Simbología, planos e esquemas eléctricos das instalacións.

Unidade temática 3: Instalacións interiores ou receptoras.

1. Prescricións xerais para as instalacións interiores (ITC-BT-19).
2. Instalacións en vivendas e edificios de vivendas (ITC-BT-25):
 - 2.1 Graos de electrificación, número de circuitos e características.
 - 2.2 Tomas de terra e protección contra os contactos indirectos (ITC-BT-26).
 - 2.3 Instalacións en locais que conteñen unha bañeira ou ducha (ITC-BT-27).
 - 2.4 Instalacións comúns de edificios de vivendas.
 - 2.5 Dimensionamento de tubos e canalizacións.
3. Instalacións en edificios comerciais, oficinas e industrias:
 - 3.1 Carga total correspondente edificios comerciais, oficinas e industrias.
 - 3.2 Distribución da electrificación no edificio. Equilibraxe de cargas.
 - 3.3 Condutores, circuitos e seccións.
4. Instalacións en garaxes e desclasificación dos garaxes.

Unidade temática 4: Protección das instalacións.

1. Sistemas de conexión do neutro e das masas nas instalacións de distribución en BT (ITC-BT-08).
2. Instalacións de posta á terra (ITC-BT-18).
3. Protección contra os choques eléctricos-contactos directos e indirectos (ITC-BT-24).
4. Protección contra as sobreintensidades-sobrecargas e cortocircuitos (ITC-BT-23).
5. Protección contra as sobretensións (ITC-BT-22).

Unidade temática 5: Instalacións con características especiais.

1. Instalacións de iluminación exterior (ITC-BT-09):

- 1.1 Introducción aos conceptos luminotécnicos e ao REEAE.
- 1.2 Cálculos eléctricos de iluminación.
- 1.3 Cálculos luminotécnicos básicos.

2. Instalacións en locais de concorrencia pública (ITC-BT-28):

- 2.1 Fornecementos complementarios.
- 2.2 Iluminación de emerxencia.

3. Instalacións de infraestrutura para a recarga do vehículo eléctrico (ITC-BT-52):

- 3.1 Esquemas de conexión.
- 3.2 Previsión de cargas.
- 3.3 Requisitos xerais e medidas de protección.
- 3.4 Tipos de conexión e modos de carga do VE.

4. Instalacións en locais de características especiais (ITC-BT-30):

- 4.1 Locais húmidos.
- 4.2 Locais mollados.
- 4.3 Outros locais de características especiais.

5. Instalacións de piscinas e fontes (ITC-BT-31).

6. Instalacións a moi baixa tensión e a tensións especiais (ITC-BT-36; ITC-BT-37).

7. Instalacións de máquinas de elevación e transporte (ITC-BT-32).
8. Instalacións provisionais e temporais de obras (ITC-BT-33).
9. Instalacións de feiras e *stands* (ITC-BT-34).
10. Instalacións de establecementos agrícolas e hortícolas (ITC-BT-35).
11. Instalacións de cercas eléctricas para gando (ITC-BT-39).
12. Instalacións en caravanas e parques de caravanas (ITC-BT-41).
13. Instalacións en portos e mariñas para barcos de lecer (ITC-BT-42).
14. Instalacións en locais con radiadores para saunas (ITC-BT-50).
15. Instalacións eléctricas en mobles (ITC-BT-49).

Unidade temática 6: Instalación de receptores.

1. Prescricións xerais para a instalación de receptores (ITC-BT-43).
2. Receptores de iluminación (ITC-BT-44).
3. Aparellos de caldeo (ITC-BT-45).
4. Cables e folios radiantes en vivendas (ITC-BT-46).
5. Motores, transformadores, reactancias e condensadores (ITC-BT-47; ITC-BT-48).

Unidade temática 7: Instalacións xeradoras de baixa tensión de potencia inferior a 10 kW. (ITC BT-40)

1. Tipos e clasificación.
2. Montaxe e mantemento.
3. Sistemas antivertedura para instalacións sen excedentes.

4. Condicións xerais e particulares para a conexión:

- 4.1 Instalacións illadas.
- 4.2 Instalacións asistidas.
- 4.3 Instalacións interconectadas.

5. Protección e instalacións de posta á terra.

B) Coñecementos prácticos

1. Montaxe e posta en servizo de instalacións de baixa tensión que estean comprendidas no ámbito deste regulamento e que non se reserven á categoría de especialista.

2. Verificación, mantemento e reparación de instalacións de baixa tensión que estean comprendidas no ámbito deste regulamento e que non se reserven á categoría de especialista:

2.1 Verificación inicial de instalacións, en función das súas características e de acordo coa normativa vixente.

2.2 Mantemento e reparación de instalacións.

2.3 Mantemento ou reparación da aparelaxe de protección, control, seccionamento ou conexión.

3. Manexo de aparellos de medida e ferramentas:

3.1 Ferramentas utilizadas en instalacións eléctricas de baixa tensión: tipos e manexo.

3.2 Manexo de aparellos de medida de magnitudes eléctricas.

II. Instalador categoría especialista

Ademais dos coñecementos teóricos e prácticos indicados para a categoría básica, o instalador de categoría especialista, para cada especialidade, deberá ter os seguintes coñecementos:

A) Coñecementos teóricos

Unidade temática 1 (Especialista): Liñas de distribución en B.T.

- 1. Tipos de redes de distribución: radiais, en anel.
- 2. Liñas aéreas (ITC-BT-06):

2.1 Compoñentes: condutores illados e nus, apoios, illadores e ferraxes, accesorios de suxeición.

2.2 Cálculo mecánico das liñas: condutores e apoios.

2.3 Intensidades admisibles en réxime permanente e en cortocircuíto.

3. Liñas subterráneas (ITC-BT-07):

3.1 Cables illados.

3.2 Intensidades admisibles en réxime permanente e en cortocircuíto: factores de corrección por tipo de instalación.

4. Acometidas (ITC-BT-11).

5. Normas particulares das empresas distribuidoras.

Unidade temática 2 (Especialista): Sistemas de automatización (ITC-BT-51).

1. Automatismos eléctricos:

1.1 Elementos que compoñen as instalacións: sensores, actuadores, dispositivos de control e elementos auxiliares. Tipos e características.

1.2 Cadros eléctricos.

1.3 Simbología normalizada nas instalacións.

1.4 Planos e esquemas eléctricos normalizados. Tipoloxía.

2. Instalacións automatizadas:

2.1 Tipos de sensores. Características e aplicacións.

2.2 Actuadores: relés, contactores, solenoides, electroválvulas (entre outros).

2.3 Control de potencia: arrinca de motores (monofásicos e trifásicos, entre outros).

2.4 Protección contra cortocircuitos, derivacións e sobrecargas.

2.5 Arrincadores estáticos e variadores de velocidade electrónicos.

2.6 Controladores programables. Automatas.

2.7 Programas de control. Programación.

Unidade temática 3 (Especialista): Instalacións en locais con risco de incendio e explosión (ITC-BT-29).

1. Clasificación de localizacións e modos de protección.

2. Condicións da instalación para todas as zonas perigosas.

3. Criterios de selección de material.

Unidade temática 4 (Especialista): Instalacións en quirófanos e salas de intervención (ITC-BT-38).

1. Medidas de protección.

2. Posta á terra e equipotencialidade.

3. Alimentación con transformador de illamento.

4. Protección diferencial e contra sobreintensidades.

5. Fornecementos complementarios.

6. Risco de incendio e explosión.

7. Control e mantemento.

8. Cadros de distribución e receptores especiais.

Unidade temática 5 (Especialista): Instalacións xeradoras de baixa tensión de potencia superior ou igual a 10 kW (ITC-BT-40).

1. Tipos e clasificación.

2. Condicións xerais e particulares para a conexión:

2.1 Instalacións illadas.

2.2 Instalacións asistidas.

2.3 Instalacións interconectadas.

3. Protección e instalacións de posta á terra.

Unidade temática 6 (Especialista): Instalacións de lámpadas de descarga en alta tensión e rótulos luminosos (ITC-BT-44).

1. Rótulos e tubos luminosos alimentados entre 1 kV e 10 kV: regras de instalación, envoltentes, soportes.

2. Protección contra os contactos indirectos, protección contra fugas e apertura de circuitos.

3. Transformadores, convertedores e inversores.

B) Coñecementos prácticos

1. Montaxe e posta en servizo de instalacións de baixa tensión que estean comprendidas no ámbito deste regulamento e que estean reservadas á categoría de especialista.

2. Verificación, mantemento e reparación de instalacións de baixa tensión que estean comprendidas no ámbito deste regulamento e que estean reservadas á categoría de especialista:

2.1 Verificación inicial de instalacións, en función das súas características e de acordo coa normativa vixente.

2.2 Mantemento e reparación de instalacións.

2.3 Mantemento ou reparación da aparelaxe de protección, control, seccionamento ou conexión.

3. Adicionalmente, para cada categoría especialista:

3.1 Unidade temática 1: Liñas de distribución en B.T.

3.1.1 Execución das instalacións aéreas: condutores illados e nus; distancias de separación; cruzamentos, proximidades e paralelismos.

3.1.2 Execución das instalacións subterráneas: tipos de instalación e condicións para cruzamentos, paralelismos e proximidades.

3.2 Unidade temática 2: Sistemas de automatización.

3.2.1 Sistemas de automatización, xestión técnica da enerxía e seguranza para vivendas e edificios.

3.2.2 Sistemas de control distribuído.

3.2.3 Instalación e programación de sistemas de supervisión, control e adquisición de datos.

3.2.4 Control de procesos.

3.3 Unidade temática 3: Instalacións en locais con risco de incendio e explosión.

3.3.1 Selección de material para traballar en ambientes clasificados.

3.3.2 Instalacións de estacións de servizo, garaxes e talleres de reparación.

3.4 Unidade temática 4: Instalacións en quirófanos e salas de intervención.

3.4.1 Selección de material para traballar en ambientes clasificados.

3.4.2 Instalación de receptores especiais.

3.5 Unidade temática 5: Instalacións xeradoras de baixa tensión de potencia superior ou igual a 10 kW.

3.5.1 Execución das distintas instalacións de autoconsumo.

3.5.2 Instalación de sistemas antivertedura para instalacións sen excedentes.

3.6 Unidade temática 6: Instalacións de lámpadas de descarga en alta tensión e rótulos luminosos.

3.6.1 Instalación de rótulos e tubos luminosos alimentados entre 1 kV e 10 kV.

3.6.2 Protección contra fugas.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.*

A disposición adicional cuarta queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou conservadoras e aos operadores de guindastres torre, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se deduza que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Artigo terceiro. *Modificación da instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións, aprobada polo Real decreto 836/2003, do 27 de xuño.*

A instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións, aprobada polo Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, queda modificada como segue:

Un. O número 6.2 do artigo seis, «Empresas instaladoras», modifícase como segue:

«6.2 As empresas instaladoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exixen esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a montaxe e desmontaxe dos guindastres se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI). A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Dous. O número 6.6 do artigo seis, «Empresas instaladoras», modifícase como segue:

«Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a *posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Tres. O número 6.8 do artigo seis, «Empresas instaladoras», queda redactado como segue:

«6.8 As empresas instaladoras cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.
- b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza.
- c) Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender os guindastres que teñan contratados, cun mínimo dun técnico titulado universitario con competencias específicas na materia obxecto da presente instrución técnica complementaria, que será o responsable técnico, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun técnico titulado universitario competente no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, o título universitario teno un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón de titulación universitaria con competencias específicas nas materias obxecto da presente instrución técnica complementaria.

A figura do técnico titulado universitario competente poderá ser substituída pola de dous ou máis técnicos titulados universitarios competentes, cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 600.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualízase por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Catro. O número 9.1 do artigo 9, «Empresas conservadoras», modifícase como segue:

«9.1 As empresas conservadoras cumprirán o establecido no artigo 11 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención destes, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.»

Cinco. O número 9.3 do artigo 9, «Empresas conservadoras», queda redactado como segue:

«9.3 As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exixen esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a montaxe e desmontaxe dos guindastres se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Seis. O número 9.7 do artigo 9, «Empresas conservadoras», modifícase como segue:

«Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas, e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Sete. O número 9.9 do artigo 9, «Empresas conservadoras», queda redactado como segue:

«9.9 As empresas conservadoras cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.
- b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de seguranza.
- c) Contar co persoal necesario, durante todo o tempo que a empresa ofrezca os seus servizos, que realice a actividade en condicións de seguranza e en número suficiente para atender os guindastres que deban conservar.
- d) Ter cuberta a súa responsabilidade civil de acordo co indicado no artigo 6 para empresas instaladoras.»

Oito. Os números 2 e 3 do anexo VI, «Carné de operador de guindastre ou operador de guindastre torre», queda redactado do modo seguinte:

«2. Carné de operador de guindastre ou operador de guindastre torre.—Sen prexuízo do establecido na disposición adicional cuarta, o manexo dos guindastres torre aos cales se refire esta ITC requirirá a posesión do carné de operador de guindastre torre. Para obtelo procederase de acordo co sinalado neste anexo.

3. Requisitos para a obtención do carné.–Para a obtención do carné terase que acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade.
2. Contar cos coñecementos necesarios para a operación do guindastre torre.
3. Superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas. En caso de non superar o exame, o centro ou o médico que realiza o exame deberá comunicalo ao órgano competente en materia de industria da súa comunidade autónoma.

Para a acreditación dos coñecementos exixidos no número 2 anterior poderase optar por algunha das seguintes vías:

- a) A concorrencia dos seguintes requisitos:
 - i. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou dun título equivalente para efectos laborais.
 - ii. Superar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade habilitada ante o órgano competente da comunidade autónoma.
 - iii. Superar un exame realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de aparellos de elevación e manutención destes, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta instrución técnica complementaria.

c) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE- EN ISO 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no número 4 do presente anexo.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de operador de guindastre torre adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.*

A disposición adicional segunda modifícase como segue:

«Disposición adicional segunda. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas conservadoras e aos operadores de guindastres móbiles autopropulsados, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se deduza que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Artigo quinto. *Modificación da Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados aprobada polo Real decreto 837/2003, do 27 de xuño.*

A instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados aprobada polo Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, queda modificada como segue:

Un. O número 4 do número 5, «Mantemento e revisións», queda redactado como segue:

«4. As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exixen esta instrución técnica complementaria e o seu regulamento correspondente, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as operacións de revisión dos guindastres se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI). A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Dous. O número 8 do número 5, «Mantemento e revisións», modifícase como segue:

«8. Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Tres. O número 10 do número 5, «Mantemento e revisións», modifícase como segue:

«10. As empresas conservadoras cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.
- b) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza.
- c) Contar co persoal necesario durante todo o tempo que a empresa ofrezca os seus servizos, que realice a actividade en condicións de seguranza e en número suficiente para atender todos os guindastres que deban conservar.
- d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo cunha cobertura mínima, por sinistro, de 1.000.000 de euros por sinistro. Esta contía mínima actualízase por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Catro. Os números 2 e 3 do anexo VII, «Carné de operador de guindastre móbil autopropulsado», quedan redactados do modo seguinte:

«2. Carné de operador de guindastre móbil autopropulsado. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda, para a montaxe e manexo dos guindastres móbiles autopropulsados aos cales se refire esta ITC, exixírase a posesión do carné de operador de guindastre móbil autopropulsado de, ao menos, categoría igual ou superior á correspondente á súa carga nominal. Para obtelo procederase de acordo co sinalado neste anexo.

3. Requisitos para a obtención do carné. Para a obtención do carné terase que acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade.
2. Contar cos coñecementos necesarios para a operación do guindastre móbil.
3. Superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas. En caso de non superar o exame, o centro ou o médico que realiza o exame deberá comunicalo ao órgano competente en materia de industria da súa comunidade autónoma.

Para a acreditación dos coñecementos exixidos no número 2 anterior poderase optar por algunha das seguintes vías:

- a) A concorrencia dos seguintes requisitos:
 - i. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou dun título equivalente para efectos laborais.
 - ii. Superar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade habilitada ante o órgano competente da comunidade autónoma.
 - iii. Superar un exame realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de aparellos de elevación e manutención destes, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta instrución técnica complementaria.

c) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE- EN ISO 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no número 4 do presente anexo.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de operador de guindastre móbil autopropulsado adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).»

Cinco. O número 5.2 do anexo VII. «Carné de operador de guindastre móbil autopropulsado», modifícase como segue:

«5.2 Dispor, durante o curso, de guindastres autopropulsados coas correspondentes revisións e inspeccións en vigor, e en funcionamento. O guindastre, durante as horas lectivas, só poderá realizar as prácticas académicas e ningún outro tipo de traballo.»

Artigo sexto. *Modificación da instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril.*

A instrución técnica complementaria MI-IP05 «Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos», aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril, queda modificada como segue:

Un. O número 4, «Instalador ou reparador de P.P.L.», queda redactado como segue:

«O instalador de P.P.L. nas súas diferentes categorías ou o reparador de P.P.L. deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora ou reparadora de P.P.L., segundo corresponda, habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, e para a categoría que corresponda das establecidas no número 3 anterior, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e desta instrución técnica complementaria.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de

instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e desta instrución técnica complementaria.

c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, desta instrución técnica complementaria.

d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e desta instrución técnica complementaria.

e) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador/reparador de P.P.L. adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

f) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, desta instrución técnica complementaria.

Calquera das situacións ou titulacións previstas (título universitario, título de formación profesional ou certificado de profesionalidade, exame teórico-práctico da comunidade autónoma, experiencia laboral recoñecida ou certificación outorgada por entidade acreditada) son válidas indistintamente para as distintas categorías de instalador de P.P.L., ou reparador de P.P.L., en función dos coñecementos acreditados.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Dous. O número 5.2 do número 5, «Empresas instaladoras ou reparadoras», modifícase como segue:

«5.2 As empresas instaladoras ou reparadoras de P.P.L. legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución ou reparación das instalacións se

efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento de instalacións petrolíferas e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Tres. O número 5.6 do número 5, «Empresas instaladoras ou reparadoras», redáctase como segue:

«5.6 Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Catro. O número 5.8 do número 5, «Empresas instaladoras ou reparadoras», modifícase como segue:

«5.8 As empresas instaladoras ou reparadoras de P.P.L. cumprarán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora ou reparadora de P.P.L., que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.

b) No caso de empresa reparadora de P.P.L., ter presentado ante o órgano competente da comunidade autónoma o procedemento de reparación ou sistemas para realizar a reparación, de acordo co establecido nas instrucións técnicas complementarias do Regulamento de instalacións petrolíferas.

c) Contar cos medios técnicos e humanos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza, que, como mínimo, serán os que se determinan no apéndice I desta instrución técnica complementaria.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 300.000 euros por sinistro para a categoría I e de 600.000 euros por sinistro para as categorías II e III. Estas contías mínimas actualizaranse por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Cinco. Modifícase o número un do apéndice I, «Medios mínimos, técnicos e humanos, requiridos para as empresas instaladoras ou reparadoras de P.P.L.», que queda redactado do modo seguinte:

«1. Medios humanos: Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo dun instalador ou reparador de P.P.L. de categoría

igual ou superior a cada unha das categorías da empresa instaladora ou reparadora, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, a cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora ou reparadora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación correspondente.

A figura do instalador ou reparador de P.P.L. poderá ser substituída pola de dous ou máis instaladores ou reparadores da mesma ou mesmas categorías cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.»

Artigo sétimo. *Modificación da instrución técnica complementaria ITC-ICG 09, «Instaladores e empresas instaladoras de gas», do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo.*

A instrución técnica complementaria ITC-ICG 09, aprobada polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, queda modificada como segue:

Un. O número 2, «Instalador de gas», modifícase como segue, quedando os números 2.1 e seguintes sen modificar:

«2. Instalador de gas: Instalador de gas é a persoa física que, en virtude de posuír coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da industria do gas e da súa normativa, está capacitado para realizar e supervisar as operacións correspondentes á súa categoría.

O instalador de gas deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de gas habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control e para a categoría que corresponda das establecidas no número 2.2 seguinte, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, e das súas instrucións técnicas complementarias.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, e das súas instrucións técnicas complementarias.

c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria.

d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento técnico de distribución e utilización de

combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, e das súas instrucións técnicas complementarias.

e) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de gas adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

f) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa, como mínimo, os contidos que se indican no anexo 1 desta instrución técnica complementaria.

Calquera das situacións ou titulacións previstas (título universitario, título de formación profesional ou certificado de profesionalidade, exame teórico-práctico da comunidade autónoma, experiencia laboral recoñecida ou certificación outorgada por unha entidade acreditada) son válidas indistintamente para as distintas categorías de instalador de gas, en función dos coñecementos acreditados.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Dous. O número 3.2 do número 3, «Empresa instaladora de gas», queda redactado como segue:

«3.2 As empresas instaladoras de gas legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade e, se for o caso, se vai realizar as actividades de posta en marcha, mantemento, reparación e/ou adecuación de aparellos, que cumpre os requisitos correspondentes que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real

decreto 581/2017. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Tres. O número 3.6 do número 3, «Empresa instaladora de gas», modifícase como segue:

«3.6 Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Catro. O número 3.8 do número 3, «Empresa instaladora de gas», queda redactado do modo seguinte, e elimínanse os puntos 3.8.1, 3.8.2 e 3.8.3:

«3.8 As empresas instaladoras de gas cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora de gas, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.

b) Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo dun instalador de gas de categoría igual ou superior á categoría da empresa instaladora, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, a cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación correspondente.

A figura do instalador poderá ser substituída pola de dous ou máis instaladores da mesma ou mesmas categorías cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

c) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por un importe mínimo de 900.000 euros por sinistro para a categoría A, 600.000 euros por sinistro para a categoría B e 300.000 euros por sinistro para a categoría C. Estas contías mínimas actualizaranse por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Cinco. O número 4, «Requisitos adicionais dos instaladores para a posta en marcha, mantemento, reparación e adecuación de aparellos», queda redactado como segue:

«4.1 Para poder realizar a súa actividade, o instalador de gas que pretenda realizar operacións de posta en marcha, mantemento e reparación de aparellos de gas conducidos (aparellos de tipo B e C) de máis de 24,4 kW de potencia útil ou de vitrocerámicas de gas de fogóns cubertos, de acordo co indicado no número 5.3 da ITC-ICG 08, deberá cumprir e terá que poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a) Posuír acreditación do fabricante para tal fin.
- b) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra os contidos que se indican nos números 1 a 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria.
- c) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos que se indican nos números 1 a 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria.
- d) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de gas, que inclúa a cualificación como axente de posta en marcha, adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, nas materias que se indican nos números 1 a 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria.
- e) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos que se indican nos números do 1 ao 17 do anexo 2 desta instrución técnica complementaria.

4.2 Para poder realizar a súa actividade, o instalador de categoría A ou B que pretenda adecuar aparellos por cambio de familia de gas, de acordo co indicado no número 5.3 da ITC-ICG 08, deberá cumprir e terá que poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a) Posuír acreditación do fabricante para tal fin onde figure explicitamente o recoñecemento de tal capacidade.
- b) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra os contidos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.
- c) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.
- d) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de gas que inclúa a cualificación para adecuar aparellos por cambio de familia de gas, adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, nas materias que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.
- e) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008

do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, que inclúa os contidos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.»

Artigo oitavo. *Modificación da instrución técnica complementaria ITC-LAT 03, «Instaladores e empresas instaladoras de liñas de alta tensión» do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro.*

A instrución técnica complementaria ITC-LAT 03, «Instaladores e empresas instaladoras de liñas de alta tensión», aprobada polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, queda modificada como se indica a seguir:

Un. O número 4, «Instalador de liñas de alta tensión», modifícase como segue:

«4. Instalador de liñas de alta tensión. O instalador de liñas de alta tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de liñas de alta tensión habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, e para a categoría que corresponda das establecidas no número 3 anterior, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de liñas de alta tensión adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

e) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un

sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Dous. O número 6.2 do número 6, «Empresa instaladora de liñas de alta tensión», queda redactado como segue:

«6.2 As empresas instaladoras de liñas de alta tensión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en liñas eléctricas de alta tensión e as súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Tres. O número 6.8 do número 6, «Empresa instaladora de liñas de alta tensión», modifícase como segue:

«6.6 Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a *posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar a declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Catro. O número 6.8 do número 6, «Empresa instaladora de liñas de alta tensión», queda redactado como segue:

«6.8 As empresas instaladoras cumprirán o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.

b) Contar cos medios técnicos e humanos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza, que, como mínimo, serán os que se determinan no anexo I desta instrución técnica complementaria.

c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 1.000.000 de euros por sinistro. Esta contía mínima actualizarase por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Cinco. O número 1, «Medios humanos» do anexo I, «Medios mínimos, técnicos e humanos, requiridos ás empresas instaladoras para liñas de alta tensión», queda redactado como segue:

«1. Medios humanos. Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo dun instalador de liñas de alta tensión de categoría igual ou superior á categoría da empresa instaladora, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, a cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación correspondente.

A figura do instalador poderá ser substituída pola de dous ou máis instaladores da mesma ou mesmas categorías cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.»

Artigo noveno. *Modificación da instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores» do Regulamento de aparellos de elevación e mantención, aprobada polo Real decreto 88/2013, do 8 de febreiro.*

A instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores», aprobada polo Real decreto 88/2013, do 8 de febreiro, modifícase como se indica a seguir:

Un. O número 3 do número 6, «Empresas conservadoras de ascensores. Declaración responsable e requisitos», modifícase como segue:

«3. As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as actividades de mantemento, reparación e modificacións importantes se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que

acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI). A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Dous. O número 7 do número 6, «Empresas conservadoras de ascensores. Declaración responsable e requisitos», queda redactado como segue:

«7. Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Tres. O número 6.9 do número 6, «Empresas conservadoras de ascensores. Declaración responsable e requisitos», queda redactado como segue:

«9. As empresas conservadoras deberán cumprir o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.

b) Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo de:

i. Un técnico titulado universitario con competencias específicas na materia obxecto da presente instrución técnica complementaria, que será o responsable técnico, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun técnico titulado universitario competente no cadro de persoal se, no caso das persoas xurídicas, o título universitario o ten un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

A figura do técnico titulado universitario competente poderá ser substituída pola de dous ou máis técnicos titulados universitarios competentes cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

ii. Un conservador contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun conservador no cadro de persoal se a titularidade da cualificación individual a ten un dos socios

da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

A figura do conservador poderá ser substituída pola de dous ou máis conservadores cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

c) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, con cobertura mínima de 300.000 euros por accidente. Esta contía mínima actualízase por orde do Ministro de Industria, Comercio e Turismo sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

e) Responsabilizarse de que os aparellos que lles sexan encomendados se manteñen en condicións de funcionamento correctas, cumprindo integramente os requisitos desta ITC.

f) Garantir, durante un período de dous anos, a corrección das deficiencias atribuídas a unha mala execución das operacións que lles fosen encomendadas, así como das consecuencias que delas deriven.»

Catro. O número 8, «Conservador de ascensores», modifícase como segue:

«8. Conservador de ascensores. O conservador de ascensores é a persoa física que ten coñecementos suficientes para desempeñar as actividades de mantemento e modificacións importantes a que se refire esta ITC.

O conservador de ascensores deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa conservadora de ascensores habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto desta instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto desta instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto desta instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobada polo Real decreto 88/2013, do 8 de febreiro.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de conservador de ascensores adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

e) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de

acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo X desta instrución técnica complementaria.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Cinco. Engádesse un novo anexo X, «Competencias que avaliarán as entidades acreditadas para a certificación de conservador de ascensores», coa seguinte redacción:

«ANEXO X

Competencias que avaliarán as entidades acreditadas para a certificación de conservador de ascensores

1. Xeneralidades

- a) Ten coñecementos básicos de mecánica, electricidade, electrónica e oleohidráulica.
- b) Identifica e describe a función dos compoñentes de seguranza principais e auxiliares do ascensor (motor, reducores, elementos de suspensión, elementos de control, posición, velocidade e movementos incontrolados, paracaídas, freos, válvulas de retención, cilindros hidráulicos, etc).
- c) Coñece os diferentes tipos de elementos lubricantes (función, tipos, características e propiedades).
- d) Coñece as tecnoloxías alternativas pertinentes para substituír elementos avariados que non poidan ser substituídos por un semellante.
- e) Coñece os deseños de aparellos elevadores.
- f) Ten coñecementos de electricidade, en especial do Regulamento de instalacións de BT.

2. Normativa

- a) Coñece o Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, as disposicións que regulan a posta en servizo dos ascensores, así como a ITC AM-1 aprobada mediante o presente real decreto.
- b) Coñece as normas de aplicación para as operacións de mantemento obrigatorias para os ascensores.

3. Execución de operacións de mantemento, rescate e posta en servizo

- a) Coñece o manexo de ferramentas, instrumentación, equipamentos de medida.
- b) Selecciona e realiza o aprovisionamento de material necesario para o mantemento e reparación dun ascensor.
- c) Coñece os diferentes modos de operación dun ascensor.

- d) Coñece e realiza as operacións de rescate dunha persoa atrapada no ascensor. Se for o caso, esta operación deberase realizar entre dous operarios.
- e) Coñece e realiza correctamente as probas previas á posta en servizo dun ascensor, así como as requiridas para a realización das inspeccións regulamentarias.
- f) Realiza a conexión dos compoñentes eléctricos e dos equipamentos de control electrónicos do aparello á instalación receptora de acordo co RBT.
- g) Realiza un control da presión para comprobar os circuitos hidráulicos.
- h) Realiza un control da presión para comprobar a estanquidade do sistema.
- i) Realiza as medicións regulamentarias previas á posta en marcha.
- j) Detecta e identifica as diferentes disfuncións na posta en servizo dun ascensor ou na continuación do servizo após a modificación ou reparación.

4. *Mantemento*

4.1 Documentación:

- a) Coñece os libros de rexistro da instalación.
- b) Anota os datos no rexistro do equipamento e elabora un informe sobre cada revisión e probas realizadas durante esta.
- c) Realiza e documenta o programa de operacións de mantemento preventivo correspondentes á instalación.

4.2 Operacións:

- a) Coñece as técnicas e ferramentas de diagnóstico e localización de avarías en ascensores.
- b) Coñece os puntos de avaría máis probable nun ascensor.
- c) Utiliza instrumentos de medida portátiles, como multímetros para medir volts, amperes e ohms conforme métodos indirectos de correntes de fuga, e interpretar os parámetros medidos.
- d) Realiza as probas necesarias posteriores á reparación dunha avaría na instalación.

5. *Prevención de riscos laborais*

Coñece as medidas que debe adoptar en relación coa prevención de riscos laborais para realizar os labores de forma segura tanto para a súa persoa como para o resto das persoas, bens e ambiente.»

Artigo décimo. *Modificación da instrución técnica complementaria ITC-RAT 21 «Instaladores e empresas instaladoras para instalacións de alta tensión» do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en instalacións eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio.*

A instrución técnica complementaria ITC-RAT 21 «Instaladores e empresas instaladoras para instalacións de alta tensión», aprobada polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, modifícase como se indica a seguir:

Un. O número 4, «Instalador de alta tensión. Requisitos», modifícase como segue:

«Os coñecementos mínimos que debe ter un instalador de alta tensión están definidos no anexo 2 desta ITC. Os seus criterios e contidos poderán ser actualizados periodicamente, por proposta de instaladores, empresas instaladoras, distribuidoras, comercializadoras ou operadoras e corporacións que representen os profesionais, titulares, técnicos, entidades de avaliación, así como pola Administración pública competente en materia de instalacións eléctricas, para adaptarse aos avances tecnolóxicos.

O instalador de alta tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de alta tensión habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración pública competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de control e para a categoría que corresponda, das establecidas no número 3 anterior, algunha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en instalacións eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, e das súas instrucións técnicas complementarias.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en instalacións eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, e das súas instrucións técnicas complementarias.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en instalacións eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio, e das súas instrucións técnicas complementarias.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de alta tensión adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

e) Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo 2 desta instrución técnica complementaria.

Calquera das situacións ou titulacións previstas (título universitario, título de formación profesional, experiencia laboral recoñecida ou certificación outorgada por unha entidade acreditada) son válidas indistintamente para as categorías AT1 e AT2, en función dos coñecementos acreditados.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Dous. O número 5.2 do número 5, «Empresa instaladora de alta tensión. Requisitos», queda redactado como segue:

«5.2 As empresas instaladoras de alta tensión legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que exige esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguranza en instalacións eléctricas de alta tensión e nas súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Tres. O número 5.6 do número 5, «Empresa instaladora de alta tensión. Requisitos», modifícase como segue:

«5.6 Ao amparo do previsto no número 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas e da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.»

Catro. O número 5.8 do número 5, «Empresa instaladora de alta tensión. Requisitos», queda redactado como segue:

«5.8 As empresas instaladoras cumprirán o seguinte:

- a) Dispor da documentación que identifique a empresa instaladora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente.
- b) Contar cos medios técnicos e humanos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza, que, como mínimo, serán os que se determinan no anexo I desta instrución técnica complementaria.
- c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 1.000.000 de euros por sinistro. Esta contía mínima actualizarase por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Cinco. O número 1, «Medios humanos» do anexo 1, «Medios mínimos, técnicos e humanos, requiridos para as empresas instaladoras para instalacións de alta tensión», queda redactado como segue:

«1. Medios humanos: Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo dun instalador de instalacións de alta tensión de categoría igual ou superior á categoría da empresa instaladora, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, a cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación correspondente.

A figura do instalador poderá ser substituída pola de dous ou máis instaladores da mesma ou mesmas categorías cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.»

Seis. O último parágrafo do número 2.1 do anexo I, «Medios mínimos, técnicos e humanos, requiridos para as empresas instaladoras para instalacións de alta tensión», queda redactado como segue:

«En calquera caso, os equipamentos manteranse en correcto estado de funcionamento e calibración.»

Artigo décimo primeiro. *Modificación do Regulamento de instalacións de protección contra incendios aprobado polo Real decreto 513/2017, do 22 de maio.*

O Regulamento de instalacións de protección contra incendios aprobado polo Real decreto 513/2017, do 22 de maio, modifícase como se indica a seguir:

Un. As alíneas b), c) e d) do número 1 do artigo 10, «Requisitos das empresas instaladoras», quedan redactadas como segue:

«b) Contar cos medios humanos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza que, como mínimo, serán os que se determinan no anexo III deste regulamento.

c) Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza.

d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 800.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualizarase por orde da persoa titular do Ministerio Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Dous. O número 2 do artigo 11, «Habilitación de empresas instaladoras», queda redactado como segue:

«2. Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que

acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI). A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Tres. A alínea b) do número 1 do artigo 15, «Requisitos das empresas mantedoras», queda redactada da seguinte maneira:

«b) Contar cos medios humanos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza que, como mínimo, serán os que se determinan no anexo III deste regulamento.»

Catro. A alínea e) do número 1 do artigo 15, «Requisitos das empresas mantedoras», queda redactado como segue:

«e) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, por unha contía mínima de 800.000 euros por sinistro. Esta contía mínima actualízase por orde da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sempre que sexa necesario para manter a equivalencia económica da garantía e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

Cinco. O número 2 do artigo 16, «Habilitación de empresas mantedoras», queda redactado como segue:

«Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Seis. O anexo III, «Medios humanos mínimos en empresas instaladoras e mantedoras de equipamentos e sistemas de protección contra incendios», modifícase como segue:

«ANEXO III

Medios humanos mínimos en empresas instaladoras e mantedoras de equipamentos e sistemas de protección contra incendios

1. Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo de:

a) Un responsable técnico da empresa, en posesión dun título universitario con competencia específica nas materias obxecto do presente regulamento, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea

contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun técnico titulado universitario competente no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, o título universitario teno un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora e/ou mantedora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón de titulación universitaria con competencia específica nas materias obxecto do presente regulamento.

A figura do responsable técnico poderá ser substituída pola de dous ou máis técnicos titulados universitarios competentes cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de apertura da empresa.

b) Un operario cualificado para cada un dos sistemas para os cales está habilitada, ou un mesmo operario se este está cualificado en todos os sistemas, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.^a No caso das persoas xurídicas, a cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.^a No caso de que a empresa instaladora e/ou mantedora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación correspondente.

A figura do operario cualificado poderá ser substituída pola de dous ou máis cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de apertura da empresa.

2. Tal e como se establece nos artigos 11 e 16 deste regulamento, o persoal cualificado citado no número anterior deberá poder acreditar ante a Administración competente:

a) O cumprimento co establecido no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, no caso de operarios cualificados para a instalación/mantemento de iluminación de emerxencia.

b) O cumprimento do establecido no Regulamento (CE) n.º 517/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, e no Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan, e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados, no caso de operarios cualificados para a instalación/mantemento de sistemas de extinción baseados en axentes gasosos fluorados.

c) Unha das seguintes situacións, para os operarios cualificados para a instalación e/ou mantemento do resto das instalacións de protección contra incendios:

1.º Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do presente regulamento, para as cales acredita a súa cualificación.

2.º Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto deste regulamento, para as cales acredita a súa cualificación.

3.º Posuír unha certificación outorgada por unha entidade acreditada para a certificación de persoas pola ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo IV deste regulamento.

4.º Ter realizado con aproveitamento un curso de formación que inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo IV deste regulamento, impartido por entidades habilitadas polo órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma correspondente.

5.º Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto deste regulamento.

6.º Ter recoñecida a cualificación profesional de operario cualificado para a instalación e/ou mantemento de protección contra incendios adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

7.º Os traballadores que presten ou prestasen servizos como persoal cualificado na instalación e/ou mantemento para cada un dos sistemas para os cales solicita a habilitación durante ao menos doce meses anteriores á entrada en vigor deste regulamento poderán solicitar certificación acreditativa da cualificación ante o órgano competente da comunidade autónoma onde residan. A xustificación desta experiencia farase cos seguintes documentos:

i. Vida laboral do traballador, expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

ii. Contrato de traballo ou certificación das empresas onde adquirise a experiencia laboral, na cal conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a actividade.

De acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o persoal habilitado por unha comunidade autónoma poderá executar esta actividade dentro dunha empresa instaladora en

todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.»

Sete. Engádesse un novo anexo IV, «Coñecementos mínimos necesarios para os operarios cualificados de protección contra incendios», co seguinte contido:

«ANEXO IV

Coñecementos mínimos necesarios para os operarios cualificados de protección contra incendios

Os coñecementos mínimos quedan agrupados en dous módulos:

- Módulo I «Parte xeral».
- Módulo II «Parte específica».

Todos os operarios cualificados deben ter os coñecementos mínimos indicados no módulo I. Así mesmo, deberán contar cos coñecementos específicos do módulo II en función do sistema ou sistemas concretos para que se encontren cualificados.

Non obstante o anterior, para os operarios cualificados unicamente en sistemas de sinalización luminescente, só serán aplicables os coñecementos relativos á sinalización indicados no módulo I e os indicados na epígrafe de «Sistemas de sinalización luminescente» do módulo II.

Os contidos de cada módulo son os seguintes:

Módulo I. Parte xeral:

1. Matemáticas: números enteiros e decimais, operacións básicas, números quebrados, números negativos, proporcionalidades, escalas, regra de tres simple, porcentaxe, Sistema internacional de medidas, potencias e raíces. Magnitudes, unidades, conversións.

2. Física e química: propiedades físicas da materia, calor e temperatura, expansión térmica, transmisión de calor, principios básicos de química, combustión, combustibles.

3. Fundamentos da extinción dun incendio: clasificación, factores de incendios, fases e evolución dun incendio, principios de extinción de incendios, métodos de extinción.

4. Materiais, unións e accesorios, marcacións.
5. Clases de lume segundo a Norma UNE-EN 2.
6. Sinalización e interpretación de planos.
7. Estabilidade ao lume das estruturas
8. Sectorización e compartimentación de edificios.
9. Reacción ao lume dos materiais.
10. Clasificación das instalacións de protección contra incendios:

- a) Instalacións de extinción de incendios.
- b) Instalacións de detección de incendios.
- c) Instalacións de emerxencia: sinalización, iluminación, alarma.
- d) Sistemas de control de temperatura e evacuación de fumes.

11. Lexislación e proxectos de seguranza contra incendios:

a) Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real decreto 513/2017, do 22 de maio.

b) Regulamento de seguranza contra incendios en establecementos industriais, aprobado polo Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro.

c) Instalacións de protección contra incendios no ámbito de aplicación do Regulamento de almacenamento de produtos químicos, aprobado polo Real decreto 656/2017, do 23 de xuño, e as súas instrucións técnicas complementarias.

d) Instalacións de protección contra incendios no ámbito de aplicación do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as súas instrucións técnicas complementarias.

e) Código técnico da edificación. Documento básico de seguranza contra incendios DB SI.

Módulo II. Parte específica:

– Sistemas de detección e de alarma de incendios:

a. Normativa de aplicación.

b. Deseño, instalación, posta en servizo e uso dos sistemas de detección de alarma de incendio segundo a Norma UNE 23007-14.

c. Sistema de barreiras.

d. Sistema de aspiración.

e. Detectores térmicos.

f. Detectores de fume.

g. Detectores lineares.

h. Videodetección.

i. Áreas clasificadas.

j. Detección en áreas especiais.

k. Integración e centralización de sistemas de detección.

l. Determinación de vida útil de detectores.

m. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

– Sistemas de abastecemento de auga contra incendios:

a. Normativa de aplicación.

b. Características e especificacións segundo a Norma UNE 23500.

c. Conxunto de fontes de auga.

d. Equipamentos de impulsión.

e. Rede xeral de auga.

f. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

– Sistemas de hidrantes contra incendios:

a. Normativa de aplicación.

b. Características e especificacións segundo as normas UNE-EN 14384 e UNE-EN 14339.

c. Tipoloxía. Descrición por modelos.

d. Identificación de marcas, gravados.

e. Localización, idoneidade, cobertura e instalación.

f. Inspección do abastecemento de hidrantes.

g. Tapas, racores, xuntas.

h. Válvula de drenaxe.

i. Proba hidrostática de rede de hidrantes.

j. Probas de caudal/presión.

k. Válvulas e postes indicadores corte de liña.

l. Soportes e unións de tubaxes.

m. Limpeza e protección de tubaxes de hidrantes.

n. Caseta e material auxiliar.

o. Tomas de monitor e conexións a hidrantes. Tipoloxía e aplicacións.

- p. Sinalización.
- q. Mantemento e conservación, Procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.
 - Sistemas de bocas de incendio equipadas:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Descrición de operacións de instalación.
 - c. Tipoloxías. Descrición por modelos.
 - d. Identificación de marcas, gravados, etiquetaxe de uso.
 - e. Localización, idoneidade, cobertura e instalación.
 - f. Inspección do abastecemento de BIE.
 - g. Presións de traballo e reguladores de presión.
 - h. Probas de caudal/presión.
 - i. Válvulas manuais de corte de liña.
 - j. Proba hidrostática de BIE de 25 e 45 mm.
 - k. Soportes e unións de tubaxes.
 - l. Limpeza e protección de tubaxes de BIE.
 - m. Sinalización.
 - n. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades, e elaboración das actas correspondentes.
 - Sistemas de columna seca:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Descrición de operacións de instalación.
 - c. Descrición e mantemento dos compoñentes.
 - d. Tipoloxías de deseño e armarios.
 - e. Proba hidrostática.
 - f. Localización, idoneidade, cobertura e instalación.
 - g. Soportes e unións de tubaxes.
 - h. Rotulación e limpeza.
 - i. Sinalización.
 - j. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades, e elaboración das actas correspondentes.
 - Sistemas fixos de extinción por espaxadores automáticos e auga pulverizada:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Deseño e instalación segundo as normas UNE 12845 e UNE 23503.
 - c. Rede de tubaxes para a alimentación de auga.
 - d. Posto de control.
 - e. Boquillas de descarga necesarias.
 - f. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.
 - Sistemas fixos de extinción por auga nebulizada:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Deseño e instalación segundo a Norma UNE–CEN/TS 14972.
 - c. Fornecemento de auga.
 - d. Sistema de tubaxes.
 - e. Boquillas de descarga.
 - f. Mecanismos de disparo e paraxe.
 - g. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

– Sistemas fixos de extinción por espuma física:

- a. Normativa de aplicación.
- b. Deseño e instalación segundo a Norma UNE-EN 13565-2.
- c. Tipos de espumóxeno e aplicacións, caducidade e análise en laboratorios.
- d. Dosificadores: venturimétricos, membrana, volumétricos. Tipoloxía.

Descrición por modelos.

- e. Tanques de espumóxeno, reservas.
- f. Relación de expansión.
- g. Equipamentos xeradores: cámaras de espuma, lanzas, espaxeadores... tipoloxía.
- h. Localización, idoneidade, cobertura e instalación dos equipamentos.
- i. Inspección do abastecemento do sistema de espuma.
- j. Proba hidrostática de rede de espuma.
- k. Proba de descarga de espuma.
- l. Soportes e unións de tubaxes.
- m. Limpeza da tubaxe de espuma.
- n. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

– Sistemas fixos de extinción por po:

- a. Normativa de aplicación.
- b. Deseño e instalación segundo a Norma UNE 12416-2.
- c. Recipiente de po.
- d. Recipientes de gas propelente.
- e. Tubaxes de distribución.
- f. Válvulas selectoras.
- g. Dispositivos de accionamento e control.
- h. Boquillas de descarga.
- i. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

– Sistemas fixos de extinción por axentes extintores gasosos:

- a. Normativa de aplicación.
- b. Deseño e condicións de instalación segundo a Norma UNE-EN 15004-1.
- c. Mecanismo de disparo.
- d. Equipamentos de control de funcionamento eléctrico ou pneumático.
- e. Recipientes para gas a presión.
- f. Conduitos para o axente extintor.
- g. Difusores de descarga.
- h. Manipulación de sistemas e equipamentos de protección contra incendios que empregan gases fluorados ou bromados como axente extintor.
- i. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

– Sistemas fixos de extinción por aerosois condensados:

- a. Normativa de aplicación.
- b. Descrición de operacións de instalación e mantemento.
- c. Dispositivos de accionamento.
- d. Equipamentos de control de funcionamento.
- e. Unidades de xeradores de aerosol.
- f. Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois.
- g. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

- Sistemas para o control de fumes e de calor:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Instalación e posta en marcha segundo a Norma UNE 23584.
 - c. Flotabilidade dos gases quentes.
 - d. Presurización diferencial.
 - e. Ventilación horizontal.
 - f. Extracción de fumes.
 - g. Mantemento e conservación, procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

- Extintores de incendio:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Descrición de operacións de instalación e mantemento.
 - c. Tipoloxías, Descrición por modelos e axente extintor.
 - d. Identificación de marcas, gravados, etiquetaxe.
 - e. Localización, idoneidade, cobertura e instalación.
 - f. Tolerancias peso/presión.
 - g. Sinalización.
 - h. Probas de presión de nivel C a extintores de incendios.
 - i. Procedemento de actuación, periodicidades e elaboración das actas correspondentes.

- Sistemas de sinalización luminescente:
 - a. Normativa de aplicación.
 - b. Descrición de operacións de instalación e mantemento.
 - c. Símbolos gráficos.
 - d. Sistemas de suxeición.
 - e. Planos de evacuación.
 - f. Sistemas fotoluminescentes.
 - g. Sistemas eléctricos.
 - h. Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.»

Artigo décimo segundo. *Modificación do Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas, aprobado polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro.*

O Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas, aprobado polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, modifícase como se indica a seguir:

Un. A alínea b) do número 1 do artigo 9, «Profesionais habilitados, queda redactada como segue:

«b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do presente Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas.»

Dous. O número 3 do artigo 10, «Empresas frigoristas», queda redactado como segue:

«As empresas frigoristas legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español deberán presentar, antes de iniciala e ante o órgano competente da comunidade autónoma

onde desexen comezar a súa actividade, unha declaración responsable na cal o titular da empresa ou o seu representante legal declare para que categoría vai desempeñar a actividade, que cumpre os requisitos que se exixen neste regulamento, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución ou reparación das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen no Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas, aprobados polo Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, e as súas instrucións técnicas complementarias.

Para a acreditación do cumprimento do requisito de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento e conforme o previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do citado real decreto.»

Tres. O número 1 do artigo 12, «Requisitos das empresas frigoristas», modifícase como segue:

«1. Os requisitos específicos exixidos para a execución, posta en servizo, mantemento, reparación, modificación e desmantelamento dos diferentes niveis de instalacións frigoríficas son os que se relacionan a seguir:

a) Empresa frigorista de nivel 1:

1.º Dispor da documentación que a identifique como empresa frigorista e, no caso de persoa xurídica, estar constituída legalmente.

2.º Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo dun instalador frigorista, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.ª No caso das persoas xurídicas, a titularidade da cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.ª No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación como instalador frigorista.

A figura do instalador poderá ser substituída pola de dous ou máis cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

3.º Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os posibles danos derivados da súa actividade, por importe mínimo de 300.000 euros por sinistro.

4.º Dispor dun plan de xestión de residuos que considere a diversidade de residuos que poida xerar na súa actividade e as previsións e acordos para a súa correcta xestión ambiental, e que recollerá a súa inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos no órgano competente da comunidade autónoma.

5.º Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza que, como mínimo, serán os que se especifican na instrución técnica complementaria IF-13.

b) Empresa frigorista de nivel 2:

1.º Dispor da documentación que a identifique como empresa frigorista e, no caso de persoa xurídica, estar constituída legalmente.

2.º Contar co persoal necesario para realizar a actividade en condicións de seguranza, en número suficiente para atender as instalacións que teñan contratadas cun mínimo de:

i. Un técnico titulado universitario con competencias específicas na materia obxecto do presente regulamento, que será o responsable técnico, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun técnico titulado universitario competente no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.ª No caso das persoas xurídicas, o título universitario teno un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.ª No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón de titulación universitaria con competencias específicas nas materias obxecto do regulamento.

A figura do técnico titulado universitario competente poderá ser substituída pola de dous ou máis técnicos titulados universitarios competentes cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

ii. Un instalador frigorista, contratado no cadro de persoal a xornada completa (salvo que se acredite que o horario de apertura da empresa é menor, caso este en que se admitirá que estea contratado a tempo parcial para prestar servizos durante un número de horas equivalente ao horario durante o cal a empresa desenvolva a súa actividade).

Considerarase que tamén queda satisfeito o requisito de contar cun profesional habilitado no cadro de persoal se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1.ª No caso das persoas xurídicas, a titularidade da cualificación individual tena un dos socios da organización, sempre que traballe para a empresa a xornada completa, ou durante o seu horario de apertura.

2.ª No caso de que a empresa instaladora sexa unha persoa física dada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, esta dispón da habilitación como instalador frigorista.

A figura do instalador poderá ser substituída pola de dous ou máis cuxos horarios laborais permitan cubrir a xornada completa ou o horario de actividade da empresa.

Deberá ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os posibles danos derivados da súa actividade, por importe mínimo de 900.000 euros por sinistro.

3.º Dispor dun plan de xestión de residuos que considere a diversidade de residuos que poida xerar na súa actividade e as previsións e acordos para a súa correcta xestión ambiental e que recollerá a súa inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos no órgano competente da comunidade autónoma.

4.º Dispor dos medios técnicos necesarios para realizar a súa actividade en condicións de seguranza que, como mínimo, serán os que se especifican na instrución técnica complementaria IF-13.»

Disposición adicional única. *Uso de linguaxe non sexista.*

A referencias que no texto deste real decreto se fan a instalador, reparador, conservador, os traballadores, os operarios cualificados, un técnico titulado universitario, o responsable técnico, os socios, operador de guindastre, o médico, un profesional habilitado, o fabricante, o titular da empresa ou o representante legal, así como ao interesado, deben entenderse feitas respectivamente a instalador ou instaladora, reparador ou reparadora, conservador ou conservadora, as persoas traballadoras, as persoas operarias cualificadas, un técnico ou unha técnica con titulación universitaria, o persoal responsable técnico, as persoas socias, operador ou operadora de guindastre, o médico ou a médica, un profesional habilitado ou unha profesional habilitada, a fabricante ou o fabricante, a persoa titular da empresa, a representante legal ou o representante legal da empresa, así como a interesada ou o interesado.

Disposición transitoria única. *Empresas previamente habilitadas.*

As empresas habilitadas até a data de entrada en vigor do presente real decreto poderán seguir realizando a actividade obxecto de habilitación sen que deban presentar a declaración responsable regulada nos reais decretos modificados por este real decreto. Non obstante, disporán dun ano desde a entrada en vigor do presente real decreto para adaptárense ás condicións e requisitos establecidos nas modificacións introducidas polo presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O proxecto ampárase, con carácter xeral, no artigo 149.1.13.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O artigo primeiro ampárase, ademais, no previsto no artigo 149.1.1.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Os artigos oitavo e décimo ampáranse, adicionalmente, na competencia que o artigo 149.1.25.ª da Constitución española atribúe ao Estado sobre bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2021.

Dado en Madrid o 27 de abril de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo,
MARÍA REYES MAROTO ILLERA